

“Ao velo, sentiu compaixón” (Lc 10, 33)

Beato Salvador Fernández Pérez, na escola da misericordia

Sesión de Catequese · Nenos entre 6 e 9 anos (preparación á comunión)

Contextualización

A seguinte sesión está dirixida a nenos e nenas de entre 6 e 9 anos que se están preparando para a comunión.

Quérese achegar aos nenos e nenas a figura do Beato Salvador Fernández Pérez, discípulo de Xesús, que como el viviu ‘até o extremo’ o amor aos demais, especialmente aos máis necesitados,

Obxectivo

- Descubrir que a dinámica interna do Evanxeo é a da entrega, cuxa realización suprema é a de Xesús, na súa vida e na súa Pascua.
- Coñecer a figura do Beato Salvador Fernández Pérez a través da súa vida, destacando fundamentalmente a súa dedicación aos máis necesitados e a súa entrega aos demais.
- Recoñecer que poden ser capaces de ver nos demais a necesidade de axuda e prestar o seu servizo (na medida das súas posibilidades) seguindo o exemplo de Don Salvador.

Materiais Necesarios

- Relato da vida de Salvador
 - “*Historia dunhas gafas. Salvador Fernández Pérez*”
- Parábola do ‘Bo Samaritano’
 - Lc 10, 29-37
 - Valiván: https://www.youtube.com/watch?v=7_sArxpUQho
- Folla cunhas gafas debuxadas, unha folla por neno/-a.

Actividades propostas

- Pódese iniciar a sesión preguntando se coñecen a alguén que fixese algo polos demais, ao estilo de Xesús. Poden saír, nomes e situacións diversas. Por mor das súas respostas coméntase que hoxe imos ter a oportunidade de coñecer a alguén que viviu así toda a súa vida, fiel ás persoas necesitadas, porque descubrira que Divos sempre é fiel.
- Lectura do relato “Historia dunhas gafas. Salvador Fernández Pérez”. O primeiro que se propón é ler ou contar (facendo un resumo) o relato da vida de Salvador (pódense proxectar as imaxes se hai a posibilidade). Pode ser que esta actividade requira unha sesión anterior.
- Unha vez lido o texto pódese establecer unha conversación cos nenos e nenas para ver o que entenderon sobre o relato, destacando como partes fundamentais tres.
 1. O asombro da súa infancia e adolescencia: vida en familia, na escola, na parroquia; o seu desexo de ser sacerdote, axuda á familia nos labores do campo ao mesmo tempo que estuda e o seu esforzo para poder realizar o que desexa.
 2. Anos de preparación, primeiro, e os anos de vida salesiana, despois, traballando con plena dedicación aos demais, especialmente aos máis necesitados e excluídos, nos diferentes lugares onde estivo destinado.
 3. Últimos anos de entrega absoluta aos demais aínda cando a súa vida estaba en perigo, desenvolvendo unha gran confianza en Deus, e cultivando no seu corazón actitudes de perdón e reconciliación.

Tamén pode ser interesante resaltar que o relato o contan unhas lentes e establecer unha conversación sobre as lentes en concreto con preguntas como:

- Para que serven as lentes?
- Quen adoita utilizar lentes?
- Que pasa se unha persoa que necesita lentes non as utiliza?
- ...

Podemos seguir a conversación dicindo que moitas veces necesitaríamos todos usar lentes, pero unhas lentes especiais que nos permita ver o que normalmente non vemos ou non queremos ver. Son as lentes de Xesús? escoitemos.

- **Lectura e/ou proxección da parábola do Bo Samaritano.**

Unha vez contada ou proxectada a parábola do Bo Samaritano, establecemos unha conversación cos nenos e nenas, resaltando o tres personaxes que pasaron por diante do home ferido:

- O texto di que todos o ven. basta con ver?
- Quen do tres levaba as lentes especiais postas?
- En que momentos da nosa vida facemos como os homes que non axudan ao home ferido?
- E Salvador Fernández, Levaba postas as gafas especiais nos distintos momentos da súa vida?

- **Reflexión persoal**

Entregaránelles aos nenos e nenas unhas follas cunhas lentes debuxadas e pediráselles que fagamos un momento de reflexión.

Ao redor das lentes, imos escribir situacións ou momentos, que non somos capaces de ver, ou que, ás veces, escollemos non ver (cando vimos algún compañeiro só e non lle axudamos, cando non axudamos nos labores de casa, cando alguén solicitaba a nosa colaboración e non lla prestamos,...).

Posteriormente nos cristais das lentes proporémoslles que escriban, debuxen ou fagan algo que lles lembre o compromiso de utilizar as lentes especiais, que empregaba Don Salvador e as que empregou o bo Samaritano, ao longo da súa vida e sobre todo nos momentos que máis lle custa empregalas.

- **Oración final**

Sentámonos en círculo, e pomos no medio do noso grupo a Biblia (pode ser a mesma desde a que lemos a Palabra de Deus), podemos acender unha vela, e situar tamén ao seu lado unha imaxe de Don Salvador. Diante de cada un estarán as nosas lentes, co que vemos e con aquilo que preferimos non ver.

Algún dos participantes vai lendo cada unha das invocacións, e todos respondemos dicindo: ***“Grazas, Señor, por ensinarnos a mirar co corazón”***

- Aínda que ás veces non vemos como ti. O teu déixasnos as túas lentes para ver... por é dicímosche...
- Porque ao noso lado hai persoas que ven as necesidades dos demais e axúdanlles dicímosche...

- Porque ninguén é tan pobre que non poida axudar e colaborar, dicímosche...
- Porque María ensínanos a ver como ti e a pornos en camiño cara aos demais, dicímosche...

Dámosche grazas, Pai Bo,
porque sempre camiñas connosco
e pos nos nosos ollos e no noso corazón
a luz que nos permite descubrir nas demais persoas
fillos teus e irmáns nosos.
Grazas por Xesús,
que pasou polo mundo facendo o ben
e grazas por tantas persoas que como El
fan o ben cada día,
para que o mundo sexa cada vez máis,
a casa de todos. Amén

Anexo I: lentes

